


# Viaxando con Verne



(4º ESO)

## O Maelström

(Do 1 de maio ao 2 de xuño de 1868)

[Jules VERNE, *Vinte mil leguas baixo dos mares*, XIX-XXIII, 2ª parte]

## ***A Raíña das Tempestades***

O primeiro de maio o Nautilus retomou abertamente a súa ruta cara ao norte. A corrente do Golfo é realmente un río que corre libremente no medio do Atlántico, mesturando as súas augas coas oceánicas. Aquela corrente levaba con ela todo un mundo de seres vivos. O 8 de maio estabamos aínda fronte ao cabo Hatteras, á altura de Carolina do Sur. O Nautilus continuaba navegando á aventura.

Nestas condicións, unha evasión podía resultar. Mais unha inoportuna circunstancia contrariaba absolutamente os proxectos do canadense. O tempo era moi malo. Chegabamos preto daqueles mares onde as tempestades son frecuentes. Afrontar un mar a miúdo alterado nunha fráxil canoa era correr cara a unha morte segura.

- Señor -díxome aquel día-, isto ten que rematar. Quero ter o corazón limpo. O seu Nemo afástase da terra e remonta cara ao norte. Mais xa lle digo que a min me chegou co Polo Sur, e non o seguirei ata o Polo Norte.

- E que facer, Ned, cando unha evasión é impracticable nestes intres?

- Volvo á miña idea. Hai que falar co capitán. Vostede non dixo nada cando estabamos nos mares do seu país. Quero falar, agora que estamos nos mares do meu.

Volvín ao meu cuarto. Dende el, sentín pasos no do capitán Nemo. Non había que deixar pasar aquela ocasión de atopalo. Chamei á súa porta.

- Vostede aquí! Que quere?

- Falarlle, capitán.

- Estou ocupado, señor, estou a traballar. A mesma liberdade que eu lle deixo para illarse, non podo tela para min?

- Señor -díxenlle friamente- teño que falarlle dun asunto que non podo demorar.

- Cal, señor? -respondeu el, ironicamente-. Fixo vostede algún descubrimento que se me escapa? Reveloulle o mar novos segredos?

Estabamos moi afastados do problema. Mais, antes de ter respondido, díxome con voz grave, amosándome un manuscrito aberto sobre a súa mesa:

- Velaí, señor Aronnax, un manuscrito escrito en varias linguas. Contén o resumo dos meus estudos sobre o mar e, se Deus quere, non morrerá comigo. Gardarase nun aparello inmergullable. O derradeiro sobrevivente de todos nós a bordo do Nautilus, botarao ao mar, e irá onde as ondas o leven.

- Eu e os meus compañeiros estamos dispostos a gardar o manuscrito e a preservalo, se vostede nos concede a liberdade...

- A liberdade! –exclamou o capitán Nemo, erguéndose.

- Si, señor, é disto do que lle quería falar. Dende hai sete meses estamos no seu navío, e preguntolle hoxe, no nome dos meus compañeiros e no meu propio, se a súa intención é a de ternos aquí para sempre.

- Señor Aronnax –dixo o capitán Nemo-, respondereille hoxe o que xa lle respondín hai sete meses: quen entra no Nautilus non o debe abandonar.

- Vostede imponnos unha auténtica escravitude!

- Chámelle como queira.

- Mais, en todas partes, o escravo conserva o dereito de recobrar a súa liberdade!

- Quen lle nega ese dereito? –respondeu o capitán Nemo-. Tentei alguna vez encadealo cun xuramento?

O capitán Nemo fitou para min cruzando os brazos.

- Señor –díxenlle-, non se trata só da miña persoa. Para min o estudo é unha axuda, unha gran diversión, un entretemento, unha paixón que me pode facer esquecer todo. Coma vostede, son un home feito para vivir ignorado, descoñecido, na fráxil esperanza de legar un día ao futuro o resultado dos meus traballos. Nunha palabra, podo admiralo. Mais hai outros aspectos da súa vida que ma fan entrever rodeada de complicacións e de misterios dos que os meus compañeiros e mais eu non formamos parte en modo ningún. É esa sensación de que somos estraños o que fai a nosa posición inaceptable, imposible, mesmo para min, mais sobre todo para Ned Land. Todo home, polo só feito de selo, quere que se lle teña en conta. Pense que o amor pola liberdade, o odio pola escravitude, poden facer nacer proxectos de vinganza nunha natureza como a do canadense. Pensou no que el podería pensar, tentar, procurar facer...?

Eu calara. O capitán Nemo ergueuse.

- Que Ned Land pense, tente, procure facer o que queira, que me importa? Non fun eu quen o foi buscar! Non é polo meu gusto que o manteño a bordo! En canto a vostede, señor Aronnax, vostede é deses que poden comprender todo, ata o silencio.

Retireime. A partir daquel día, a nosa situación foi moi tensa. Conteilles a miña conversa aos meus compañeiros.

- Agora sabemos –dixo Ned Land- que non hai nada que agardar dese home. O Nautilus achégase a Long Island. Fuxiremos, faga o tempo que faga.

Mais o ceo volvíase ameazante. Os síntomas do furacán manifestábanse. A tempestade estoupou na xornada do 18 de maio, precisamente cando o Nautilus aboiaba á altura de Long Island, a algunhas millas dos canais de Nova York.

O mar embravecido era varrido por grandes nubes que rozaban as ondas. Cara ás cinco, caeu unha chuvía torrencial. O furacán desencadeouse. Mais o Nautilus, no medio da treboada, xustificaba a frase dun sabio enxeñeiro: “non hai casco ben construído que non poida desafiar o mar”.

A intensidade da tempestade medrou coa noite. Ás dez da noite, o ceo estaba a arder. Eu non podía aturar a claridade, mentres que o capitán Nemo, mirándoa de fronte, parecía aspirar naqueles fulgores escintilantes a alma da tempestade.



Ah! A corrente do Golfo xustificaba abondo o seu alcume de Raíña das Tempestades!

Á chuvía sucedéralle un diluvio de lume. As pingas de auga convertíanse en faíscas fulminantes. Diríase que o capitán Nemo, á procura dunha morte digna del, buscaba facerse fulminar. Eu, ao límite das miñas forzas, peguei o meu bandullo ao zapón. Abrino e baixei ata o salón. O capitán Nemo volveu cara á medianoite. Sentín os depósitos encherse aos poucos, e o Nautilus mergullouse amodo. Houbo que ir procurar o repouso a cincuenta metros nas entrañas do mar.


Quen tería dito que un furacán terrible se desencadeaba na superficie daquel océano?

## ***O Vingador***

Como consecuencia daquela tempestade o Nautilus afastárase para o leste. Debería ter dito, máis exactamente, para o nordeste. Vagou durante algúns días no medio daquelas brétemas tan temibles para os navegantes. Cantos navíos perdidos naqueles mares, cando albiscaban os incertos faros da costa! Cantos sinistros debidos a aquelas néboas opacas! Cantos choques contra aqueles rochedos! O fondo daqueles mares ofrecía o aspecto dun campo de batalla.

O 15 de maio estabamos no extremo meridional do banco de Terranova. Este banco é o produto dos aluviós mariños, un conxunto considerable de detritos orgánicos traídos ben do ecuador, pola corrente do Golfo, ou ben do Polo boreal, pola contracorrente de auga fría que segue a costa americana. Alí, amoreábanse tamén as rochas erráticas carrexadas polo desxeo.

Entre os peixes aos que o Nautilus asustou ao seu paso, citarei a especie do bacallau, que sorprendín nas súas augas predilectas, naquel inesgotable banco de Terranova.



Pódese dicir que os bacallaus son peixes de montaña, xa que Terranova non é outra cousa que unha montaña submarina. Cando o Nautilus se abriu un camiño, Conseil non puido conter esta observación:

- Iso? Bacallaus? –dixo-. Mais eu cría que os bacallaus eran planos como as sollas!

- Que inxenuo! –exclamei-. Os bacallaus son planos só nas tendas, onde se amosan abertos e secos. Mais na auga son peixes fusiformes como os barbos, e perfectamente conformados para nadar.

- É increíble, señor! –respondeu Conseil-. Que nube, que formigueiro!

- Pois, meu amigo, aínda habería máis sen os seus inimigos, as brechas e os homes. Sabes cantos ovos se contaron nunha soa femia?

- Sexamos xenerosos –respondeu Conseil-. Cincocentos mil.

- Once millóns, meu amigo.

- Once millóns. Velaí algo que xamais admitirei, a non ser que os conte eu mesmo.

- Cóntaos, Conseil. Mais acabarás antes se me cres. Ademais, pensa que os franceses, os ingleses, os americanos, os daneses, os noruegueses, pescan bacallaus por milleiros. Consómense en cantidades prodixiosas e, de non ser pola impresionante fecundidade destes peixes, os mares ficarían axiña despoboados deles. Así, só en Inglaterra e América, cinco mil navíos tripulados por setenta e cinco mil mariñeiros, son empregados para a pesca do bacallau. Cada navío apaña unha media de corenta mil, o que dá un total de vinte cinco millóns. O mesmo para as costas de Noruega.

- Ben –respondeu Conseil- creereino, señor. Non os contarei.

- O que?

- Os once millóns de ovos.

Mentres percorríamos os fondos do banco de Terranova vin perfectamente as longas liñas de rede, armadas con douscentos anzois, que cada barco tende por ducias. O Nautilus tivo que manobrar con destreza por medio daquela rede submarina.

Logo tomou dirección leste, como se quixese seguir a plataforma telegráfica sobre a que repousa o cable, e da que as múltiples sondas proporcionaron o seu relevo con extrema exactitude.

Foi o 17 de maio cando vin o cable pousado no fondo. Conseil, a quen non avisara, tomouno por unha xigantesca serpe e apurouse a clasificala segundo tiña por hábito. Desenganei o nobre rapaz e, para acougalo, aprendinlle as diversas particularidades acerca de como se instalou o cable.

Agora, o 25 de maio, o Nautilus, mergullado a tres mil oitocentos metros, atopábase precisamente no estreito onde se producira a desfeita que arruinou a empresa. Estaba a seiscentas trinta e oito millas da costa de Irlanda.

O 28 de maio o Nautilus estaba nada máis que a cento cincuenta quilómetros de Irlanda. O capitán Nemo ía remontar para recalar nas illas británicas? Non. Para a miña gran sorpresa, descendeu de novo. Ousaría o Nautilus penetrar no Canal da Mancha? Tras ter deixado ao canadense entrever as costas de América, ía agora amosarme a min as de Francia?

O Nautilus seguía baixando cara ao sur. O 30 de maio pasou á vista de Land's End. Durante toda a xornada do 31 de maio o Nautilus describiu unha serie de círculos no mar que me intrigaron vivamente. Semellaba procurar un lugar. A mediodía, o capitán Nemo veu marcar a posición el mesmo. Non me dirixiu a palabra. Pareceume máis triste que nunca.

O día seguinte, 1 de xuño, o Nautilus conservou a mesma dirección. Era evidente que buscaba recoñecer un punto preciso do océano. Algúns minutos antes de que o sol pasase polo meridiano, o capitán Nemo colleu o seu sextante. Eu estaba naquel intre na plataforma. O capitán pronunciou estas simples palabras:

- É aquí!

A estribor, cara ao fondo, aparecía unha gran prominencia que chamou a miña atención. Crin recoñecer as formas dun navío sen mastros. Aqueles restos tiñan que levar moitos anos sobre o fondo do océano. O capitán Nemo, preto de min, dixo moi amodo:


- Outrora este barco chamábase O Marsellés. En 1794, a República Francesa cambioulle o nome. Hai setenta e catro anos, neste mesmo lugar, este navío, tras un combate heroico, cos seus tres mastros rachados, a auga nas adegas e un terzo da súa tripulación fóra de combate, preferiu afundirse cos seus trescentos cincuenta e seis mariños antes que renderse, e desapareceu baixo as augas ao berro de: Viva a República!

- O Vingador! –exclamei.

- Si, señor! O Vingador! Un fermoso nome! –murmurou o capitán Nemo, cruzando os brazos.



« C'est ici! » dit le capitaine Nemo



« Le vengeur! » m'écriai-je



## ***Unha hecatombe***

Ese xeito de falar, o imprevisto daquela escena, a historia do heroico navío, ademais da emoción coa que o estraño personaxe pronunciara as súas últimas palabras, ese nome de Vingador, tiña para min unha significación que non se me escapaba; e todo iso xuntábase para bater profundamente no meu ánimo. Non afastaba os ollos do capitán Nemo.

Quizé eu nunca chegase a saber quen era el, de onde viña, cara a onde ía, pero vía cada vez máis o home gañarlle terreo ao sabio. Non fora unha misantropía común o que pechara entre os flancos do Nautilus o capitán Nemo e os seus.

Aquel odio aínda procuraba vinganza? O porvir ensinaríamo axiña.

Mentres, o Nautilus remontou devagar ata a superficie do mar, e vin desaparecer pouco a pouco as formas confusas do Vingador. Un leve renxido indicoume que aboiabamos ao aire libre.

Naquel intre, sentiuse unha xorda detonación. Mirei para o capitán. Non se moveu.

- Capitán? –díxenlle.

Non respondeu.

Deixeiño e subín á plataforma. Conseil e mais o canadense precedéranme.

- Un canonazo –dixo Ned Land-. Semella un navío de guerra. Oxalá viñese sobre nós e afundise, se fose preciso, este maldito Nautilus!

- Amigo Ned –respondeu Conseil-, que mal podería facerlle ao Nautilus? Atacaroo baixo as augas?

Durante un cuarto de hora, continuamos a observar o barco que se dirixía cara a nós rapidamente. Se o capitán Nemo o deixaba achegarse, teríamos unha oportunidade de fuxir.

- Señor –díxome Ned Land-, se ese barco pasa a unha milla de nós, bótome á auga. E pídlle que faga o mesmo.

Non respondín á proposición do canadense, e seguí a ollar para o navío, que cada vez se distinguía mellor. Seguro que nos acollería se puidésemos chegar ata el.

De pronto, un vapor brando xurdiu na proa do barco de guerra, e algúns segundos máis tarde, as augas, removidas polo embate dun corpo pesado, salpicaron a popa do Nautilus.

- Como? Están a dispararnos! –exclamei.
- Non se preocupe, recoñeceron o narval, e canonean o narval.
- Mais deben ver claro –exclamei- que hai persoas.
- Seica é por iso! –respondeu, ollándome, Ned Land.

Toda unha revelación tivo lugar no meu espírito. De certo que xa era sabido a qué había que se ater no referente á existencia do pretendido monstro. Sen dúbida, durante a súa abordaxe na Abraham Lincoln, o comandante Farragut recoñecera que o narval era un barco submarino, máis perigoso que un cetáceo.

Terrible, en efecto, se, como era de supoñer, o capitán Nemo empregaba o Nautilus para se vingar. Durante aquela noite cando nos apresou na cela, no medio do Océano Índico, non sería para atacar algún navío? Aquel home, soterrado agora no cemiterio de coral, non fora vítima dun choque provocado polo Nautilus? Debeu ser así. Unha parte da existencia do capitán Nemo desvelábase. E se a súa identidade non era coñecida, polo menos as nacións aliadas contra el xa non ían agora á caza dun ser quimérico, senón á dun home que lles profesaba un odio implacable.

No canto de atopar amigos naquel navío que se achegaba, podíamos dar con inimigos sen piedade.

O canadense díxome entón:

- Señor, debemos tentar todo para liberarnos. Fagamos sinais! Que me coma o demo! Pode que comprendan que somos xentes de ben!

- Miserable! –exclamou o capitán cando Ned colleu o pano para axitalo no aire-. Queres que te espete no esporón do Nautilus antes de que ataque aquel navío?

Era terrible escoitar os berros do capitán Nemo, mais aínda era peor velo. A súa cara palidecera debido aos espasmos do seu corazón, que debeu cesar de bater un intre. As súas pupilas contraéranse temiblemente. A súa voz non falaba, ruxía.

Despois, virouse cara ao buque que seguía enviando a súa chuvia de balas:



- Ah! Ti sabes quen son, navío dunha nación maldita! –exclamou coa súa potente voz-. Non preciso as túas cores para recoñecerte! Mira, aquí tes as miñas!

Naquel intre unha bala, batendo oblicuamente no casco do Nautilus, foise perder no mar. O capitán Nemo dixo, dirixíndose a min:

- Baixe –ordenou en ton imperativo-, baixen vostede e mais os seus compañeiros.

- Señor –exclamei-, vai vostede atacar entón ese navío?

- Señor, vouno afundir. Non ouse xulgarme.

Descendín no intre en que un novo proxectil batía no casco do Nautilus e sentín como o capitán berraba:

- Dispara, navío insensato! Prodiga as túas inútiles balas! Non escaparás ao esporón do Nautilus! Mais non é neste lugar onde has perecer! Non quero que os teus restos vaian mesturarse cos do Vingador.

Volvín ao meu cuarto. O capitán e o seu segundo ficaran na plataforma. A hélice foi posta en movemento. O Nautilus, afastándose con velocidade, púxose fóra do alcance das balas do buque. Mais a persecución continuou.

Cara ás catro da tarde, ao non poder conter a impaciencia e a inqueda que me devoraban, volvín á escaleira central. O zapón estaba aberto. Aventureime na plataforma. O capitán paseaba por ela con pasos axitados. Ollaba para o navío que ficara a cinco ou seis millas a sotavento. Xiraba sobre si mesmo como unha fera e, levándoo cara ao leste, deixábase perseguir.

Quixen intervir mais impúxome silencio:

- Eu son o dereito! Eu son a xustiza! –díxome-. Eu son o oprimido, e velaí o opresor! Pola súa culpa é polo que todo o que eu amei, quixen, a patria, a muller, os pequenos, meu pai, miña nai, pereceu ante os meus ollos! Todo o que eu odio está aí! Cale!

Botei unha última ollada ao buque de guerra que forzaba o seu vapor. Despois axunteime con Ned e Conseil.

- Fuxiremos! –exclamei.

- Ben –dixo Ned-. Que navío é ese?

- Ignóroo. Mais sexa o que sexa, será afundido antes da noite. En todo caso máis vale perecer con el que ficarmos cómplices de represalias das que non podemos medir a súa xustiza.

A noite chegou. Un fondo silencio reinaba a bordo. O compás indicaba que o Nautilus non modificara a súa dirección.

O navío mantíñase a dúas millas de nós. Coas primeiras luces do día recomezou cos canonazos.

Tomáronse algunhas disposicións que poderíamos cualificar como “preludio do combate” do Nautilus. Eran moi simples. Baixouse a varanda

que formaba a balastrada arredor da plataforma. A superficie do gran cilindro non ofrecía xa nin un só saínte.

Volvín ao salón. O Nautilus aínda aboiaba. Algúns raios matinais infiltrábanse no líquido. Comezaba aquel terrible día do 2 de xuño.

Ás cinco, o velocímetro indicou que a velocidade do Nautilus se moderaba. Comprendín que se deixaba alcanzar.

- Meus amigos –dixen-, chegou o momento. Un apertón de mans, e que Deus nos axude!

Ned Land estaba decidido; Conseil, calmo; eu, nervioso, conténdome a duras penas.

Pasamos pola biblioteca. No intre en que empurraba a porta que se abría sobre a cabina da escaleira central, sentín o panel superior pecharse bruscamente.

O canadense lanzouse cara aos chanzos, mais eu detívenos. Un chíó ben coñecido indicábame que a auga estaba a penetrar nos depósitos de a bordo. En efecto, en breves instantes o Nautilus mergullouse algúns metros por debaixo da superficie do mar.

Comprendín a súa manobra. O Nautilus non pensaba atacar o buque de guerra na súa impenetrable coiraza, senón por debaixo da súa liña de flotación.


Ficamos novamente apresados, testemuñas obrigadas do sinistro drama que se preparaba. Non podía pensar. Agardaba, escoitaba, non vivía máis que a través do sentido do oído.

Mentres, a velocidade do Nautilus aumentou considerablemente. Tivo lugar un choque, mais relativamente lixeiro. Sentín a forza penetrante do esporón de aceiro. Non puideren quedar alí. Tolo, saín fóra do meu cuarto e precipiteime ao salón.

O capitán Nemo estaba alí. Mudo, sombrío, implacable, miraba polo panel de babor.

Unha masa enorme estaba a afundirse, e, para non perder nada da súa agonía, o Nautilus descendía no abismo con ela. A dez metros de min vin o casco entreaberto onde a auga se infiltraba; os malfadados rubían aos mastros, aferrábanse aos cabos, retorcíanse baixo a auga.

Paralizado, ríxido pola angustia, os ollos desmesuradamente abertos, sen alento, sen voz, eu tamén miraba! Unha atracción irresistible pegábame ao cristal! O enorme navío afundíase devagar.



*L'énorme vaisseau s'enfonçait lentement*

Vireime para o capitán Nemo. Aquel terrible xusticeiro, verdadeiro arcanxo do odio, aínda miraba. Cando todo rematou, o capitán Nemo, dirixíndose cara á porta do seu cuarto, abriuna e entrou. Seguino cos ollos.

Sobre o panel do fondo, debaixo dos retratos dos seus heroes, vin o retrato dunha muller aínda nova e de dous pequenos. O capitán Nemo fitounos uns intres, estendeu os brazos para eles e, axeonllándose, rompeu en saloucos.

## ***As derradeiras palabras do capitán Nemo***

Os paneis pecháranse. No interior do Nautilus non había máis que tebras e silencio. Abandonaba aquel lugar de desolación cunha rapidez prodixiosa. Onde ía? Ao norte ou ao sur? Cara a onde fuxía aquel home tras aquela horrible represalia?

Volvín ao meu cuarto. Non dei durmido. Fun asaltado por pesadelos. A horrible escena de destrución repetíase no meu maxín. Despois daquel día, quen podería dicir ata onde nos levou o Nautilus naquela conca do Atlántico Norte? Sempre a unha velocidade increíble! Sempre entre as brumas hiperboreais! Sentíame levado a ese dominio do estraño no que se movía a vontade a imaxinación de Edgar Poe.

Ese curso aventureiro do Nautilus prolongouse durante quince ou vinte días, e non sei qué duraría de non ser pola catástrofe que rematou con esta viaxe. Do capitán Nemo, non se soubo máis. Nin un só home da tripulación foi visible un só instante.

Naquelas condicións, a situación xa non era sostible. Unha mañá –non sabería dicir a data-, adormecera nas primeiras horas do día, cun sono penoso e doente. Cando espertei vin como Ned Land se inclinaba sobre min, e sentín que me dicía en voz baixa:

- Imos fuxir!

Erguinme.

- Cando fuximos? Onde estamos?

- Á vista dunhas terras que observei esta mañá, a vinte millas ao leste.

- Que terras son esas?

- Ignóroo, mais sexan as que sexan, refuxiarémonos alí.

- Si, Ned, fuxiremos esta noite, aínda que o mar nos devore.

Eu estaba decidido a todo. O canadense marchou. Gañei a plataforma, sobre a que apenas me daba mantido por causa do choque das ondas.

Regresei ao salón, temendo e desexando a un tempo ver o capitán Nemo; querendo e non querendo velo. Podería agochar ante el o horror involuntario que me inspiraba?

Que longa foi aquela xornada, a derradeira que debía pasar a bordo do Nautilus!

Ceei ás seis, mais non tiña fame. Forceime a comer, malia as miñas náuseas. Non quería debilitarme.

Ás seis e media, Ned Land entrou no meu cuarto e díxome:

- Non nos veremos máis antes da nosa partida. Ás dez a lúa non estará aínda alta. Aproveitaremos a escuridade. Veña ata a canoa. Conseil e mais eu agardarémolo alí.

Despois o canadense saíu, sen me dar tempo a responderlle.

Quixen verificar a dirección do Nautilus. Fun ata o salón. Corriamos nor-noroeste a unha velocidade tremenda, e a cincuenta metros de profundidade.

Botei unha derradeira ollada a aquelas marabillas da natureza, a esas riquezas de arte acumuladas naquel museo, a aquela colección sen rival destinada a perecer un día no fondo dos mares xunto con quen a creara. Quixen fixar no meu espírito unha impresión suprema. Fiquei así unha hora. Despois, regresei ao meu cuarto.

Alí, puxen a sólida vestimenta de mar. Xuntei as miñas notas e aperteinas sobre min. O meu corazón batía con forza. Certamente a miña turbación, a miña axitación teríanme traizoado ante o capitán Nemo.

Que facía el naquel intre? Escoitei na porta do seu cuarto. Sentín un ruído de pasos. O capitán Nemo estaba alí. A cada movemento, parecíame que ía aparecer e preguntarme por que quería fuxir. Sufría incesantes sobresaltos.

Detívenme e deiteime estendido sobre a cama para acougar. Os meus nervios calmáronse un pouco, mais a excitación do meu cerebro levoume a revisar nunha rápida lembranza toda a miña existencia a bordo do Nautilus, os accidentes afortunados e desgrazados que a atravesaran dende a miña desaparición da Abraham Lincoln: a cacería submarina, o estreito de Torres, os salvaxes da Papuasía, o encallamento, o cemiterio de coral, a pasaxe de Suez, a illa Santorino, o mergullador cretense, a baía de Vigo, a Atlántida, a banquisa polar, o Polo Sur, o apresamento nos xeos, o combate cos polbos, a tempestade da corrente do Golfo, o Vingador, e aquela horrible escena do navío afundido coa súa tripulación. Todos estes acontecementos pasaron ante os meus ollos, como os panos de fondo da parte traseira dun teatro. Entón, o capitán Nemo medraba desmesuradamente nese medio estraño. Xa non era o meu semellante: era o home das augas, o xenio dos mares.



Xa eran as nove e media. Media hora de pesadelos que podían facerme tolear!

Naquel intre, sentín os vagos acordes do órgano, unha harmonía triste baixo un canto indefinible, verdadeiros prantos dunha alma que quería rachar cos seus lazos terrestres.

Un pensamento xordo aterrorizoume. O capitán Nemo deixara o seu cuarto. Estaba no salón, que eu debía atravesar para fuxir. Alí, atoparíao unha derradeira vez. Veríame, pode que me falase!

Mentres tanto ían dar as dez. Chegara o momento de deixar o meu cuarto e xuntarme cos meus compañeiros. Abrín a miña porta con precaución. Avancei esvarando polos corredores escuros do Nautilus. Cheguei á porta angular do salón; abrina a modo. O salón estaba mergullado nunha fonda escuridade. Os acordes do órgano resoaban feblemente. O capitán Nemo estaba alí. Non me vía. Coido que mesmo a plena luz non me tería percibido.

Arrastreime sobre a alfombra, evitando o menor choque, que podería ter advertido co seu ruído da miña presenza. Levoume cinco minutos gañar a porta do fondo que daba á biblioteca.

Ía abrila cando me detivo un suspiro do capitán. Comprendín que se erguía. Mesmo o entrevín. Viña cara a min, cos brazos cruzados, silencioso, esvarando máis que camiñando, como un espectro.

- Deus todopoderoso! Basta! Basta!

Era aquilo a confesión do remorso que escapaba deste xeito da conciencia daquel home?

Fóra de min, precipiteime á biblioteca. Subín a escaleira central e, seguindo o corredor superior, cheguei á canoa. Penetrei nela pola abertura que deixaran libre para o paso os meus dous compañeiros.

- Partamos! Partamos! –exclamei.

- Inmediatamente! –respondeu o canadense.

O orificio baleirado no casco do Nautilus fora previamente pechado por medio dunha chave inglesa da que se apropiara Ned Land. A abertura da canoa pechouse do mesmo xeito, e o canadense comenzou a desaparafusar os porlóns que nos sostiñan aínda pegados ao barco submarino.

De súpeto, escoitouse un ruído interior. As voces respondíanse con vivacidade. Que acontecía? Decatáranse da nosa fuxida? Sentín que Ned Land me esvaraba un puñal na man.

- Si! –murmurei-. Saberemos morrer!

O canadense detivera o seu traballo. Mais unha palabra, vinte veces repetida, reveloume a causa da axitación que se propagaba a bordo do Nautilus. Non era a nós a quen se refería a tripulación!

**- O Maelström! O Maelström!**

O Maelström! Podería chegar ata os nosos oídos un nome máis temible nunha situación máis aterradora? Estabamos, logo, neses perigosos mares da costa norueguesa? O Nautilus ía ser arrastrado por esa voráxine xusto no intre en que a nosa canoa se ía separar dos seus flancos?

Sábese que, no momento do fluxo, as augas situadas entre as illas Feroe e Loffoden precipítanse cunha violencia irresistible. Forman un remuíño do que ningún navío puido xamais saír. Dende todos os puntos do horizonte asaltan ondas monstruosas que forman a voráxine xustamente alcumada “o embigo do océano”, que ten unha potencia de atracción que se estende ata unha distancia de quince quilómetros. Aí son aspirados non só os navíos, senón tamén as baleas e os osos brancos das rexións boreais.


Era alí onde o Nautilus –involuntaria ou pode que voluntariamente– fora levado polo seu capitán. Describía unha espiral na que o radio minguaba cada vez máis. E con el, a canoa, aínda amarrada ao seu flanco, que era levada a unha velocidade vertixinosa. Sentíao. Experimentaba ese mareo relativo que sucede a un movemento de rotación demasiado prolongado. Estabamos dominados polo espanto, no horror levado ao seu extremo, coa circulación suspendida, a influencia nerviosa anulada, cubertos de suores frías como as suores da agonía. E que ruído arredor da nosa fráxil canoa! Que estrondo das augas rompendo contras as rochas agudas do fondo, alí onde os corpos máis duros rompen, alí onde os troncos das árbores se desfán nunha “matogueira de pequenos cabelos”, segundo a expresión norueguesa!

Eramos sacudidos horriblemente. O Nautilus defendíase como un ser humano. Os seus músculos de aceiro renxían. Ás veces erguíase, e nós con el.

- Hai que agarrarse ben –dixo Ned- e revisar as porcas. Se ficamos atados ao Nautilus, aínda nos podemos salvar...

Non rematara de falar cando se oíu un estalido. As porcas saltaron e a canoa, separada do seu alvéolo, foi lanzada como a pedra dunha tirafonda ao medio do remuíño.

A miña cabeza bateu contra un ferro e, a causa dese choque violento, perdín o coñecemento.



## **Conclusión**

Velaquí a conclusión desta viaxe baixo dos mares. Non sabería dicir que pasou durante aquela noite, como a canoa escapou do formidable remuíño, como Ned Land, Conseil e mais eu saímos da voráxine. Mais cando recobrei o sentido, estaba deitado na cabana dun pescador das illas Lofoten. Os meus dous compañeiros, sans e salvos, estaban preto de min e apertábanme as mans. Abrazámonos efusivamente.

Nestes intres, non podemos soñar con volver a Francia. Os medios de comunicación entre a Noruega Setentrional e o sur son moi escasos. Estou, polo tanto, forzado a agardar o paso dun barco de vapor que fai o servizo bimensual do Cabo Norte.

Polo tanto, é aquí, entre estas xentes valentes que nos acolleron, onde reviso o relato destas aventuras. É exacto. Nin un feito foi omitido, nin un detalle foi esaxerado. É a narración fiel desta inverosímil expedición baixo un elemento inaccesible para o home, na que o progreso abrirá camiños e rutas libres algún día.

Crerame alguén? Non o sei. Pouco importa, despois de todo. O que podo afirmar agora é o meu dereito a falar deses mares baixo os que, en menos de dez meses, percorrín vinte mil leguas, desa volta ao mundo submarino que me revelou tantas marabillas a través do Pacífico, o Océano Índico, o Mar Vermello, o Mediterráneo, os mares austrais e boreais!

Mais, que aconteceu co Nautilus? Resistiría a terrible voráxine do Maelström? O capitán Nemo vive aínda? Segue baixo o océano coas súas arrepiantes represalias, ou deteríase tras esta última hecatombe? Algún día as augas ofrecerannos ese manuscrito que garda toda a historia da súa vida? Saberei por fin o nome dese home? Diranos o barco desaparecido, a través da súa nacionalidade, a nacionalidade do capitán Nemo?

Espero que si. Espero igualmente que o seu forte aparello vencese o mar no seu remuíño máis terrible, e que o Nautilus sobrevivise alí onde tantos navíos pereceron. Se é así, se o capitán Nemo habita aínda o océano, a súa patria de adopción, espero que o odio se calme naquel feroz corazón. Que a contemplación de tantas marabillas extinga nel o espírito de venganza! Que o xusticeiro desapareza, que o sabio continúe a tranquila exploración dos mares! Se o seu destino é estraño, tamén é sublime. Non o comprendín eu por min mesmo? Non vivín dez meses desa existencia extranatural? Así, á pregunta formulada hai seis mil anos polo *Eclesiastés* "Quen puido xamais sondar as profundidades do abismo?", dous homes de entre todos os homes teñen agora o dereito de respondela. O capitán Nemo e mais eu.

